Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 508389 AA3BV-1QYHO-L7F5E 00E3ADFACA2B441D60DC5B443DBEE4BFE0E1151C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizo de Contratación
Ref. **AS-23/2015** 430ZI10A0 430/2015/65
Acta apertura ofertas económicas

**Presidente (acctal.)**
Alberto Lema Súarez

**Vogais**
Marta García Pérez
Ángel Murado Codesal
Laura González Moreno (acctal.)
Beatriz Mariño Vila

**Secretaria**
Irene Louro Quintela

**Asistentes membros electos con voz e sen voto**
José Manuel Dapena Varela

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da Cidade da Coruña, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día dezaoito de setembro de dous mil quince, constituíuse a Mesa de Contratación para proceder á apertura das proposicións económicas do **procedemento aberto con diversos criterios de adxudicación para a contratación do servizo de organización, produción e difusión de accións para dinamizar o comercio local con motivo da celebración do Samaín 2015.**

Declarado aberto e público o acto, Dna. Irene Louro Quintela informa das proposicións recibidas e o nome dos licitadores, advertindo aos interesados presentes que poden examinar os sobres presentados, sen que fagan uso deste dereito, polo que tácitamente renuncian ao mesmo.

Seguidamente notifica aos presentes o resultado da cualificación dos documentos presentados indicando que todas as proposicións foron admitidas, **a excepción** dos número un **– Tótem Gestióm Creativa del Tiempo,** número catro **- Diego Vázquez García,** número cinco **– Areté Gestión de Personas, S.L.,** número siete **– Suministros Generales Manufacturados, S.L. e** número oito **-IN9 Eventos, S.L.,** que quedan **excluídas** por non alcanzar o umbral mínimo de puntación técnica para continuar na licitación, e, antes da apertura das proposicións económicas, Dna. Irene Louro Quintela, convida os asistentes a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, sen que fagan uso deste dereito, polo que tácitamente renuncian ao mesmo.

A continuación procédese á apertura das proposicións económicas, resultando o seguinte:

**Número dos.** Proposición que presenta Dna. María del Carmen Fernández Castelo, en representación de **CENDA GESTIÓN CREATIVA, S.L.**, que decatada do anuncio de licitación e dos pregos de condicións que o regulan, que acepta integramente e comprométese a acatar, formula proposición optando á adxudicación polo prezo de **sesenta e oito mil trescentos nove euros con corenta e seis céntimos (68.309, 46 €)** IVE incluído.

**Número tres.** Proposición que presenta D. Manuel Ángel Vilán Santos, en representación de **GALICIA COMUNICACIÓN GYC, S.L.**, que decatado do anuncio de licitación e dos pregos de condicións que o regulan, que acepta integramente e comprométese a acatar, formula proposición optando á adxudicación polo prezo de **setenta mil setecentos trinta e dous euros con noventa e sete céntimos ( 70.732,97 €**) IVE incluído.

**Número seis.** Proposición que presenta D. Pedro Manuel Ángel Zas Aventín, en representación de **PUERTAS AFUERA COMUNICACIÓN MEDIOAMBIENTAL Y CULTURAL, S.L.**, que decatada do anuncio de licitación e dos pregos de condicións que o regulan, que acepta integramente e comprométese a acatar, formula proposición optando á adxudicación polo prezo de **sesenta e catro mil oitocentos e un euros con cincuenta e cinco céntimos ( 64.801,55 €)** IVE incluído.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 508389 AA3BV-1QYHO-L7F5E 00E3ADFACA2B441D60DC5B443DBEE4BFE0E1151C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Finalizada a lectura das proposicións económicas, por Dna. Irene Louro Quintela convídase os asistentes a que expoñan cantas reclamacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, sen que ningún dos presentes faga uso deste dereito.

A continuación infórmase que o expediente pasará aos servizos técnicos municipais, a fin de que sexa emitido o informe relativo á adxudicación, dándose por finalizado o acto público.

Seguidamente, a porta pechada, a Mesa de Contratación acorda unanimemente remitir o expediente ao Servizo de Contratación, a efectos de que se emita o correspondente informe de valoración das ofertas económicas previo á adxudicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as oito horas e corenta minutos do día ut supra indicado, dáse por finalizado este acto e estendese a presente acta, do que dou fe como secretaria.

VºBº
O presidente accidental da Mesa

A secretaria da Mesa

Asdo:: Alberto Lema Súarez

Asdo.: Irene Louro Quintela